



### **O CONCELLO DE NIGRÁN ABRE UN CONCURSO PARA A CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DO MUNICIPIO**

**Como novidade, inclúese un réxime sancionador á adxudicataria no caso de incumprimento do contrato e amplíase o persoal requerido a seis traballadores**

**O presuposto de licitación ascende a preto de 200.000 euros ao ano cun período de prestación do servizo de catro anos**

**Nigrán, 21/03/16.-** O Concello de Nigrán abre un novo concurso para a contratación dos traballos de conservación e reposición de diversas zonas verdes do municipio, como vén de publicar o Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP). Como novidade, no prego de condicións inclúese un réxime sancionador polo que se multará á empresa adxudicataria no caso de que se infrinxa o contrato e amplíase a plantilla do servizo a 6 traballadores. O prazo de presentación de ofertas conclúe en 15 días e o presuposto base de licitación ascende a preto de 200.000 euros (199.826,63) ao ano cun período de prestación do servizo de catro anos.

Nas superficies a conservar e repoñer inclúense prazas, xardíns e espazos de terra e pavimento. En total, 107.406 metros cadrados repartidos en 58 puntos das sete parroquias do municipio, ademais do mantemento do céspede, árbores e arbustos presentes no Parque Empresarial Terciario de Porto do Molle.

"O noso desexo é facer un contrato a máis longo prazo e con máis persoal para mellorar o mantemento das zonas verdes de Nigrán, de xeito que estean en perfectas condicións durante todo ano, supervisando o traballo para garantir que se está a realizar como ditan as bases", explica Juan González, alcalde de Nigrán.



Os labores de xardinaría que terá que asumir a adxudicataria incidirán na conservación destas zonas en perfecto estado botánico e ornamental. Para isto, encargárase da sega do céspede, dos regos, o recorte e a poda con tesoiras, o fertilizado, o recebado de camiños, paseos e zonas de repouso e lúdicas, a aireación do terreo para mellorar a súa permeabilidade, o entrecavado e rastrillado, a limpeza das superficies ou o tratamento fitosanitario, entre outras cuestións. No caso dos parques infantís, terase especial coidado coa limpeza xeral e a xestión de residuos.

Para levar a cabo estas tarefas, a empresa deberá contar polo menos con 5 xardineiros que traballarán a xornada completa e un técnico coa titulación correspondente. Tanto a adquisición do material como a prestación do servizo, así coma os gastos de conservación e mantemento para un correcto funcionamento durante o período de vixencia do contrato, correrán a cargo da adxudicataria.